

## **Regulamento de Réxime Interno da Escola Técnica Superior de Enxeñaría**

### **TITULO PRELIMINAR**

**Art.1. A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)** é un Centro da Universidade de Santiago de Compostela (USC) encargado da xestión e organización dos estudos que a Universidade lle teña asignados así como da promoción de actividades para o desenvolvemento das Enxeñarías. Tamén poderá promover e impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.

#### **Art. 2. Funcións da Escola**

- a) Elaborar os plans de estudio correspondentes ó seu ámbito de competencia e participar na elaboración dos que conduzan á obtención de Títulos que poidan estar adscritos a máis de unha Escola ou Facultade.
- b) Xestionar, organizar e administrar os servizos, equipamentos e recursos da súa competencia, e avaliar a calidade dos mesmos.
- c) Coordinar e supervisar as actividades docentes desenvolvidas no Centro e avaliar a calidade docente, participando nos procedementos que a Universidade estableza e aplicando os procedementos que ela mesma poda desenvolver.
- d) Elaborar un calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- e) Realizar as actividades de xestión académica que lle encomende a Universidade.
- f) Promover programas de intercambio académico.
- g) Promover e por en marcha medidas para a realización de prácticas externas, en coordinación cos Departamentos adscritos.
- h) Coñecer a actividade investigadora que se desenvolva no Centro.
- i) Promover estudos de posgrao.
- j) Realizar actividades de formación permanente no seu ámbito de competencia.

### **TITULO I.- ESTRUCTURA ORGÁNICA DA ESCOLA**

#### **Art.3. Órganos de Goberno e Administración**

Son órganos de goberno e administración da Escola:

- a) A Xunta de Escola; b) O/A Director/a; c) O/A Subdirector/a (ou Subdirector(es)); d) A/O Secretaria/o

#### **Art.4. Coordinadoras/es das Titulacións**

Cada unha das titulacións impartidas na Escola terá un/unha coordinador/a académico/a (art.15)

#### **Art.5. Coordinadoras/es e Responsables de actividades**

Por iniciativa da Dirección da Escola poderán nomearse Coordinadoras/es de Curso, Coordinadoras/es de prácticas en empresa, Responsable de Calidade, Responsable de Relacións Exteriores e Mobilidade, así como responsables ou coordinadoras/es das actividades ou funcións que se consideren. Os nomeamentos serán informados á Xunta de Escola.

#### **Art.6. A Xunta de Escola**

A Xunta de Escola é o órgano colexiado de goberno do Centro e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Escola e supervisa o labor dos seus órganos de goberno e administración.

A Xunta de Escola actuará a través do *Pleno* ou das *Comisións*: Comisión Permanente e Comisións Delegadas da Xunta de Escola.

### **Art.7. Composición da Xunta de Escola**

7.1 *Composición*. A Xunta de Escola estará composta por:

- a) O/A Director/a, que a presidirá e convocará.
- b) O/A Subdirector/a ou Subdirector/as.
- c) A/O Secretaria/o, que o será tamén da Xunta.
- d) O seguinte persoal docente e investigador, con docencia no centro e censados nel, ou non censados con encargo docente igual ou maior de 9 créditos:
  - Tódalas/os profesoras e profesores funcionarias/os, que constituirán o 51% da Xunta
  - Representación do resto do persoal docente e investigador, que disporán do 14% do total, dos que as/os profesoras e profesores a tempo parcial terán un 2%, cun mínimo dun representante.
- e) Representación das alumnas e alumnos
  - As/Os alumnas/os de 1º e 2º ciclo, que disporán dun 25 % da Xunta.
  - \* As/Os alumnas/os de 3º ciclo, que disporán dun 5% da Xunta.
- f) Representación do Persoal de Administración e Servicios (PAS) censados no Centro, que disporán dun 5% do total, cun mínimo de 2 representantes.

7.2. *Duración*. Os representantes do PDI e PAS serán elixidos por un período de dous anos mentres que os representantes de alumnas/os o serán por un ano. A condición de membro da Xunta de Escola perderase ó cesar a vinculación co Centro, ou cesar nos requisitos demandados ó sector polo que foi elixido.

7.3. *Invitados*. Serán convocados, con voz pero sen voto, as/os profesoras/os, investigadoras/es, PAS e delegados de alumnas/os que sen pertencer á Xunta realicen actividades de carácter docente, investigador ou administrativo no Centro. Poderán convocarse igualmente, con voz pero sen voto, a alumnas/os e persoal alleo á ETSE sempre que estén implicados nalgún asunto da orde do día.

### **Art.8. Competencias e funcións da Xunta de Escola**

- a) Elixir ó/a Director/a e, de ser o caso, tratar da súa remoción.
- b) Elaborar e aprobar o seu regulamento de réxime interno.
- c) Supervisar a xestión dos distintos órganos de goberno e administración do Centro.
- d) Elaborar e aprobar os proxectos dos plans de estudos das titulacións adscritas ó Centro.
- e) Propoñer ós Departamentos encargados da docencia modificacións na estrutura da programación docente das materias dos plans de estudos das titulacións adscritas, tratando de obter unha máis axeitada coordinación entre os contidos.
- f) Aprobar as liñas xerais da política académica do Centro, incluíndo a implantación de posibles novas titulacións e a organización de cursos ou estudos de posgrao.
- g) Emitir informes sobre a actividade académica das/os profesoras/es.
- h) Establecer os criterios de avaliación dos servizos que presta o Centro e elaborar un informe anual da calidade dos mesmos.
- i) Organizar os servizos docentes para a obtención dos títulos académicos no seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, incluíndo a aprobación do Plan Docente Anual (PDA).
- j) Programar os servizos e equipamentos do Centro e supervisar a súa xestión.

- k) Aprobar a distribución das asignacións orzamentarias do presuposto da Escola e o control da súa aplicación.
- l) Informar verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de Departamentos relacionados co Centro pola súa docencia e investigación.
- m) Crear as Comisións Informativas, sen carácter decisorio, que estime oportunas coas competencias que lles asigne o Pleno.
- n) Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
- ñ) Proponer distincións honoríficas Universitarias, así como candidatas/os aspirantes aos distintos premios que se convoquen.
- o) Pronunciarse sobre tódolos asuntos relacionados co Centro, ou coas súas actividades.
- p) Aqueloutras que se lle atribúan neste Regulamento ou nos Estatutos da Universidade así como todas aquelas relativas ó Centro e que non figuren expresamente en ningún outro Regulamento.

### **Art.9. Convocatorias do Pleno**

O Pleno reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ó trimestre (4 sesións ó ano: unha ó principio do curso, e as outras, ó final de cada trimestre) e con carácter extraordinario ben por decisión do/a Director/a ou da Comisión Permanente ou ben a pedimento de 1/3 dos membros do Pleno.

A Mesa do Pleno, constituída polo/a Director/a e a/o Secretaria/o da Escola, así como un/unha profesor/a, unha/un alumna/o e un PAS, elixidos por e de entre os membros de cada sector, establecerá a orde do día da sesión.

As Convocatorias da Xunta de Escola faranse cunha antelación mínima de dous días hábiles mediante correo electrónico. Se a convocatoria extraordinaria se efectuara a pedimento dos membros do Pleno ou da Comisión Permanente a reunión deberá convocarse sempre dentro dos dez días lectivos seguintes á petición.

### **Art.10. Funcionamento do Pleno**

*10.1 Constitución.* A Xunta de Escola constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia do/a Director/a e da/o Secretaria/o ou de quen legalmente os substitúa e da metade dos membros restantes ou en segunda convocatoria, que se celebrará 30 minutos despois, debendo asistir ademais do/a Director/a e a/o Secretaria/o, ou quen legalmente os substitúan, e o 25% dos seus compoñentes. De non acadar o quorum nesta segunda convocatoria, e sempre que fora solicitado, procederase a unha nova convocatoria do Pleno nos vindeiros tres días hábiles. De non mediar tal solicitude, a Xunta constituirase validamente.

*10.2. Funcionamento.* A Xunta de Escola será presidida polo/a Director/a , asistido pola Mesa do Pleno. O/A Director/a ou quen o substitúa dirixirá o debate, establecendo quendas de palabra e realizando a primeira e última intervención respecto de cada un dos puntos da orde do día. Ao final das intervencións procederase á votación das propostas. No suposto de duración excesiva da reunión, a proposta da Mesa, e por acordo maioritario dos presentes, poderase suspender a sesión, que deberá proseguirse no prazo máis breve posible. Non será posible incluír na orde do día puntos que non figuren previamente na convocatoria, nin cambiar a orde dos mesmos, agás que todos os membros do órgano así o acorden por maioría.

*10.3 Votacións.* Os acordos ordinarios decidiranse mediante votación por maioría simple, agás nos casos da elección ou revogación do/a Director/a, e modificación do

Regulamento, nos que se aplicará o que estableza a normativa. En casos de empate, decidirá o voto de calidade do/a Director/a. As votacións realizaranse mediante procedemento secreto cando os acordos afecten directamente a persoas concretas ou se proceda á designación de persoas. Nos demais casos serán públicas, a non ser que alomenos un 25% dos presentes solicite votación secreta.

#### **Art. 11. Comisións Delegadas da Xunta de Escola**

*11.1 As Comisións.* A Xunta de Escola funcionará tamén a través das seguintes Comisións: i) Comisión Permanente; ii) Comisións de Titulación (1 por cada titulación adscrita ó Centro); iii) Comisión de Asuntos Económicos e Infraestructuras; iv) Comisión de Calidade; v) Comisión de Normalización Lingüística. Estas Comisións, ademais das competencias descritas no presente regulamento, terán aquelas expresamente delegadas pola Xunta de Escola ou a Comisión Permanente. Os acordos das Comisións deberán someterse á aprobación da Xunta, a non ser que se trate de un asunto no que a competencia fose delegada nela.

Poderán crearse outras Comisións temáticas ou informativas, por acordo da Xunta de Escola, para resolver as cuestións que considere oportunas.

*11.2. Membros das Comisións.* Os membros das Comisións Delegadas serán elixidos polo sector respectivo da Xunta de Escola entre as/os profesoras/es, as/os alumnas/os e os PAS pertencentes á mesma.

Serán candidatas/os potenciais todos aqueles membros da Xunta que non manifestaran expresamente a súa renuncia previamente á elección. Se algún candidato/a fora elixido en máis de unha Comisión, terá que optar entre unha delas, e nas outras pasaría a ocupar o seu posto o seguinte máis votado. Exceptúanse deste suposto a pertenza á Comisión Permanente e a Mesa do Pleno. A incompatibilidade para figurar en máis dunha Comisión non terá vixencia nos sectores que non reúnan o número suficiente de candidatas/os para cubrir tódalas prazas nas distintas Comisións. No caso das comisións temáticas ou informativas, poderá formar parte delas persoal non pertencente á Xunta de Escola

*11.3 Procedemento de elección.* A elección dos membros das comisións realizarase en sesión da Xunta de Escola. Proporcionarase a cada elector/a unha lista do censo do seu sector que lle servirá como papeleta de votación. De acordo co Regulamento electoral da USC, cada elector/a soamente poderá dar o seu voto a un número de candidatas/os equivalente ó 70% do número a elixir. Os representantes da Comisión de Calidade serán elixidos por entre os membros das Comisións Delegadas respectivas.

#### **Art.12. Comisión Permanente**

A Comisión Permanente é o órgano ordinario de goberno da Escola que garante a axilidade das súas actuacións. Estará composta polo/a Director/a, que a presidirá e convocará, a/o Secretaria/o, que tamén o será da mesma, un representante de cada Departamento con sede na Escola, a proposta do mesmo, un representante dos Departamentos con Docencia na Escola pero non adscritos á mesma, dúas profesoras/es de cada unha das titulacións adscritas, un deles a proposta da Comisión de Titulación, dúas alumnas/os de cada unha das titulacións adscritas e un PAS, que serán elixidos polo seu respectivo sector na Xunta de Escola.

#### **Art.13. Competencias da Comisión Permanente.**

*13.1. Competencias* A Comisión Permanente será competente para:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite, que serán definidos na Xunta de Escola.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados pola Xunta de Escola.
- c) Coñecer sobre os asuntos que lle sexan presentados polas Comisións Delegadas e Comisións Informativas, e no seu caso, elevalos ao Pleno.
- d) Validar a programación docente das titulacións adscritas, previo informe da Comisión de Titulación respectiva.
- e) Aprobar solicitudes de accións de mellora tanto de infraestructuras como de actividades docentes en base a convocatorias.
- f) Coñecer de cantas cuestións sexan sometidas polo/a Director/a á súa consideración no exercicio das súas funcións.

*13.2. Ratificación de acordos.* A/O Secretaria/o da Escola informará ó Pleno, na primeira sesión que este celebre con posterioridade á última reunión celebrada pola Comisión Permanente, de tódalas actuacións da Comisión, agás as decisións en asuntos de trámite. A Xunta de Escola poderá ratificar, ou non, os acordos da Comisión Permanente (excepto aqueles en que ésta tivera competencias delegadas) polo que, si os asuntos deben ser elevados a outra instancia e/ou decididos nunha determinada data, a Xunta de Escola deberá ser convocada inexcusamente.

#### **Art.14. Funcionamento da Comisión Permanente.**

A Comisión Permanente reunirse polo menos unha vez por trimestre, e tantas outras como considere oportuno o/a Director/a, ou a pedimento dun 25% dos seus membros. A convocatoria farase cunha antelación mínima de dous días lectivos. As decisións tomaranse por maioría simple dos membros presentes, correspondendo ó/á Director/a o voto de calidade no caso de empate.

#### **Art.15. Comisións de Titulación**

*15.1. Numero de Comisións.* Establecerase unha Comisión específica para cada unha das titulacións adscritas ó Centro.

*15.2 Composición.* Cada Comisión estará composta por un membro do equipo directivo da ETSE, que a presidirá, 5 profesoras/es e 2 alumnas/os, todos eles da titulación respectiva, e 1 PAS. Exceptúase o caso no que non existan na Xunta alumnas/os dalgunha titulación, en cuxo caso poderán formar parte das comisións alumnas/os da Xunta de Centro aínda que non sexan da titulación de que se trate. A Comisión nomeará, de entre os seus profesores/as, ó/á Coordinador/a da titulación, que actuará como Secretaria/o da Comisión.

#### *15.3 Competencias*

- a) Velar polo correcto desenvolvemento da programación docente da Titulación.
- b) Informar sobre a adecuación da programación docente das materias ao respectivo plan de estudos e ás normas da USC. Para este fin, deberá supervisar o desenvolvemento da programación docente das materias do plan de estudos en tódolos seus aspectos, e en particular: obxectivos, contidos, habilidades adquiridas polos estudantes, metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe propostas polo Departamento.
- c) Promover a coordinación entre os programas das materias da titulación.
- d) Estudiar os informes de calidade verbo dos resultados das enquisas de avaliación docente, os resultados académicos e, no seu caso, propoñer medidas para superar os problemas detectados.
- e) Analizar a proposta de horario de clases teóricas, prácticas e exames, e asesorar ao equipo directivo no seguemento do seu cumprimento.
- f) Elaborar e actualizar regularmente a táboa de validacións das materias da titulación.
- g) Propoñer resolucións de traslados, convocatorias de gracia e anulacións de convocatorias, aplicando as normas establecidas para iso polo Pleno. Propoñer

resolucións de validacións correspondientes a estudantes procedentes doutros centros, créditos de libre elección, prácticas externas e intercambios. Nestes dous últimos casos, a resolución realizarase a proposta do titor da práctica ou intercambio correspondiente.

h) Informar sobre a actividade docente das/os profesoras/es da titulación, a solicitude dos mesmos, da Xunta de Escola, ou dos órganos competentes da Universidade. Prestarase particular atención ós criterios de avaliación establecidos pola Xunta de Escola.

i) Elaborar a proposta de Plan Docente Anual (PDA).

j) Promover e coordinar as actividades relacionadas cos intercambios docentes, tanto no ámbito nacional como internacional.

k) Promover e coordinar as relacións con empresas e institucións para fomentar, entre outros, programas de prácticas en empresas, realización de proxectos fin de carreira, visitas técnicas, de divulgación das actividades da ETSE, etc.

l) Promover a organización de cursos, conferencias e actividades de formación continua ou de extensión universitaria.

m) Actuar, a pedimento de parte, designando Comisións de arbitraje para dirimir as diferencias académicas entre alumnas/os e profesoras/es. Ditas Comisións estarán compostas por dúas/dous Profesoras/es da área de coñecemento e do Departamento que imparta a materia, que os designará, e dúas/dous alumnas/os, un do curso en que é dispensada e matriculado nela, e outro dun curso superior, e que a teña superada. Os implicados non poderán figurar nas Comisións. Si se tratase de cuestións relativas ó último curso da titulación, ámbolos dous estudantes serían deste curso e matriculados na materia de que se trate. A Comisión de Titulación, oída a Comisión de arbitraje, emitirá un dictame final que será trasladado á Xunta de Escola.

Deste artigo exceptúanse os conflitos relativos á revisión de cualificacións, que se rixen pola normativa da USC.

n) Analizar a información proporcionada polo/a Coordinador/a da Titulación para levar a cabo o seguimento e a valoración da eficacia e a adecuación do Título.

o) Anualmente realizar un informe dos resultados do título e a proposta de mellora (Memoria Anual de título e Plan de Mellora) e, cando sexa necesario, facer proposta de modificación e suspensión do título.

p) A Comisión poderá nomear Comisións “ad hoc” para o seu asesoramento nun tema específico, que se disolverán despois de emitilo seu informe.

## **Art.16. Comisión de Asuntos Económicos e Infraestructuras**

*16.1 Composición.* A Comisión estará composta por un membro do equipo directivo da ETSE, que a presidirá, 3 profesoras/es, 2 alumnas/os e 1 PAS. A Comisión nomeará, de entre os seus membros a/o Secretaria/o da Comisión.

### *16.2 Competencias*

a) Elaborar o proxecto de gasto do presuposto da Universidade destinado á Escola.

b) Propoñer o reparto do presuposto da Escola en tódolos seus conceptos.

c) Controlar o gasto das actividades docentes dos Departamentos con docencia na Escola

d) Programar os gastos tanto de actividades externas como daquelas orientadas á formación integral dos membros da Escola.

e) Propoñer a dotación ou mellora das infraestructuras da Escola.

## **Art.17. Comisión de Calidade**

*17.1 Composición.* A Comisión estará composta polo/a Director/a da ETSE, que a presidirá, o/a Responsable de Calidade da ETSE, 1 representante da Comisión de Asuntos Económicos e Infraestructuras, o/a coordinador/a de cada unha das titulacións impartidas, o/a Responsable de Relacións Exteriores e Mobilidade, 1 representante dos estudantes por cada titulación e o/a Responsable da Unidade de Apoio á Xestión

### 17.2 Competencias

- a) Elaborar o borrador da política e obxectivos da calidade do centro
- b) Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) no Centro
- c) Elaborar a Memoria Anual de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
  - Informe do nivel de cumprimento da política e obxectivos de calidade e o establecemento de novas propostas
  - Informe do seguimento da implantación do SGIC e a súa proposta de mellora
  - Memoria anual do título/s e propostas de mellora
- d) Promover a formación dos seus membros no ámbito da Avaliación e Xestión de Calidade, programando actividades de formación orientadas a este fin.

### **Art.18. Comisión de Normalización Lingüística**

18.1 Composición. A Comisión estará composta por un membro do equipo directivo, 3 profesoras/es, 2 alumnas/os e 1 membro do PAS.

#### 18.2 Competencias.

- a) Elaborar un plan de normalización lingüística do centro enmarcado no Plan de Normalización Lingüística da USC.
- b) Difundir información e recursos dentro da ETSE.
  - Difundir as accións de normalización propostas e coordinadas polo SNL.
  - Distribuír documentos e recursos técnicos elaborados polo SNL.
  - Difundir os servizos ofrecidos polo SNL.
- c) Detectar necesidades e elaborar anualmente un programa de actividades enmarcadas no plan de normalización.
  - Recoller datos obxectivos sobre o uso do galego na ETSE nos diferentes ámbitos.
  - Propoñerlle anualmente actuacións á Xunta de Escola.
  - Vehicular a recepción de solicitudes lingüísticas dos membros do centro encamiñadas á normalización do uso da lingua.
  - Facer un seguimento das accións normalizadoras.

### **Art.19. Comisión de Biblioteca**

No Centro existirá unha Comisión de Biblioteca (Art.150 estatutos USC), cuxa composición e funcións serán as establecidas no correspondente regulamento do Servizo, e que garantirá, en todo caso, a participación de todos os sectores da Comunidade Universitaria

### **Art.20 Delegación de Alumnas e Alumnos**

20.1 *Delegadas/os de curso.* As/Os alumnas/os de 1º e 2º Ciclo elixirán dous representantes (delegada/o e subdelegada/o de curso) por curso en cada unha das titulacións impartidas no Centro.

20.2. *Composición.* A Delegación de alumnas/os estará formada por tódolos/os delegadas/os de curso así como polos representantes de alumnas/os de 1º e 2º ciclo elixidos como membros de Xunta de Escola. A ausencia xustificada de algunha/algún delegada/o ou representante poderá ser cuberta polo subdelegada/o correspondente ou un suplente, respectivamente.

#### 20.3 Competencias.

- a) Elixir, entre os seus membros, unha/un Presidenta/e e unha/un Secretari/o.

- b) Elaborar un Regulamento, que deberá ser aprobado por maioría absoluta da delegación, e presentado ó Pleno a través das/os alumnas/os pertencentes ó mesmo, para a súa ratificación.
- c) Propoñer, coordinar e programar actividades de carácter xeral das/os alumnas/os da Escola. As actividades poden ser propostas por iniciativa da Delegación ou dalgún membro da Escola.
- d) Canalizar as peticións, iniciativas e suxerencias das/os alumnas/os verbo de distintos aspectos do funcionamento do Centro, que serán presentadas á Xunta de Escola polas/os alumnas/os representantes en dita Xunta.

## **TITULO II. O EQUIPO DIRECTIVO**

### **Art.21.- Equipo directivo**

21.1. O equipo directivo da ETSE estará composto polo/a Director/a, Subdirector/a (ou Subdirector/as/es) e a/o Secretaria/o. Os elixibles para estes cargos veñen especificados nos Estatutos da USC (Atrs.102,104,105). As/Os coordinadoras/es das titulacións impartidas no Centro poderán ser invitados ás reunións do equipo directivo cando se traten temas relacionados coas titulacións.

21.2. O/A Director/a é o órgano unipersonal de dirección executiva e de xestión do Centro. Representa á Escola, preside os seus órganos colexiados e executa os acordos destes.

21.3. O/A Director/a ten as competencias que lle atribúen os Estatutos da Universidade. (Art.103 )

21.4. O/A Director/a cesará nas súas funcións ó remate do seu mandato, a pedimento propio, ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Escola.

21.5. O número máximo de mandatos que pode exercer un/unha director/a é de dous.

21.6. A moción de censura ó/á Director/a pode promoverla 1/3 dos membros da Xunta de Escola, e deberá incluír unha candidatura con equipo e programa. A moción de censura será aprobada cando obteña maioría absoluta. A/O candidata/o elixida/o trala moción designará de conformidade co disposto neste título os membros do equipo directivo.

21.7. O/A Subdirector/a (ou Subdirector/as/es) serán nomeados polo Rector a proposta do/a Director/a entre os membros da Comunidade Universitaria da Escola. As súas funcións específicas serán definidas polo/a Director/a. En ausencia ou enfermidade do/a Director/a, realizará as súas funcións o/a Subdirector/a no que aquel delegue.

21.8. A/O Secretaria/o da Escola é a persoa fidedigna do Centro. Ten as competencias que se lle atribúen nos Estatutos da Universidade. Levantará acta de tódalas sesións da Xunta de Escola. As actas conterán as circunstancias de tempo e lugar de celebración, os asistentes, os puntos principais das deliberacións e os acordos adoptados.

21.9. Corresponderalle ó Equipo Directivo a xestión diaria da Escola, respondendo da mesma no Pleno da Xunta.

## **TITULO III: DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

**Art. 22.-** A Comisión de Calidade do Centro, con unha periodicidade anual, elaborará unha proposta da política e obxectivos de calidade do centro, no marco da política de calidade da USC, que constituirá o Sistema de Garantía de Calidade e que deberá aprobarse en Xunta de Escola.

**Art. 23.-** Posterior á aprobación da Xunta de Escola, o/a Director/a asinará a política e os obxectivos de calidade e a enviará ao Vicerreitorado con competencias en Calidade, iniciando a partir de aí a campaña de difusión.

**Art. 24.-** Os obxectivos de calidade do centro defíniranse tendo en conta as necesidades dos seus grupos de interese: estudantes, persoal docente e investigador, PAS, empregadores e egresados, administracións públicas, colexios e asociacións profesionais e sociedade en xeral.

**Art. 25.-** A Escola adquire o firme compromiso de garantir a calidade na mesma e establecerá a súa política baixo estes principios:

- Proporcionar unha formación dirixida hacia a excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas das/os alumnas/os e da sociedade en xeral.
- Compromiso permanente coa mellora continua do programa formativo.
- Integración, participación e igualdade: esta Escola establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Escola a través das vías establecidas garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Este centro garante no seu programa formativo a orientación ao estudante.
- O traballo desta Escola realizarase tendo como meta a alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades de recoñecido prestixio.
- Esta Escola baseará a xestión do seu programa formativo na transparencia dos seus resultados e na difusión dos mesmos aos seus grupos de interese.

#### **Art. 26.- Difusión da información**

*26.1 Documentación e Actas das reunións.* A documentación relativa ós puntos da orde do día das reunións dos diferentes órganos (Xunta de Escola, Comisións, ...) serán enviadas con antelación suficiente aos membros da mesma, polos procedementos que estableza a Xunta da Escola, e deberá incluír a Acta da reunión anterior para ser sometida á súa aprobación. As actas dunha reunión aprobaranse na seguinte reunión ordinaria do mesmo órgano. Unha vez aprobadas, as actas faranse públicas na web da ETSE.

*26.2 Informes e Memoria.* O/A Director/a presentará, ó fin de cada cuadrimestre, un avance da memoria, recollido como "Informe de Xestión Cuadrimestral" e, no primeiro trimestre de cada curso unha Memoria do curso anterior onde se recollan as actividades mais salientables, o informe de resultados académicos, principais acordos adoptados no curso anterior, resultados de enquisas de avaliación docente, execución do orzamento económico, etc. Os informes e a memoria incluírán propostas de mellora para a súa consideración pola Xunta de Escola.

### **TITULO FINAL: MODIFICACION DO REGULAMENTO**

#### **Art.- 27.- Modificación do regulamento**

O presente regulamento poderá ser modificado por acordo de Xunta de Escola se é apoiado pola maioría absoluta, en primeira volta, e maioría simple en segunda. As solicitudes de modificación do Regulamento serán presentadas mediante escrito razoado, acompañadas da sinatura de, polo menos un 25% dos membros da Xunta de Escola, e da nova redacción do artigo ou artigos que se desexen modificar. A solicitude incluírase na orde do día da seguinte Xunta de Escola.

### **ANEXO: NORMAS PARA A ELECCION DE COMISIONS DELEGADAS DA XUNTA DE ESCOLA**

#### **NORMAS XERAIS**

- a) Tódolos representantes nas Comisións e na Mesa do Pleno deben ser membros da Xunta de Escola .
- b) A elección farana para cada sector os respectivos membros na Xunta de Escola

c) Para tódolos sectores se elixirán os membros máis votados. Os empates resolveranse aplicando sucesivamente os criterios de maior categoría profesional, maior antigüidade na categoría e idade.

**SISTEMA DE ELECCIÓN:**

- a) En sesión da Xunta de Escola
- b) Proporcionarase a cada elector unha lista do censo do seu sector que lle servirá de papeleta de votación.
- c) De acordo co Regulamento para a elección de membros da Xunta de Escola, cada elector/a soamente poderá da-lo seu voto a un número de candidatas/os equivalente ó 70% do número total, segundo se indica na seguinte táboa onde A é o número de representantes a elixir e B o número de máximo de candidatas/os aos que poderá dar o seu voto.

A	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
B	1	1	2	3	4	4	5	6	6	7	8	8

d) Se algún candidato/a sae elixido en máis de unha Comisión, terá que elixir entre unha delas, e nas outras pasaría a ocupa-lo seu posto o seguinte máis votado. (a Comisión Permanente e Mesa do Pleno exceptúanse deste suposto) A incompatibilidade para figurar en máis dunha Comisión desaparece nos sectores que non reunan o número suficiente de candidatas/os para cubrir tódalas prazas nas distintas Comisións.